

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE BURELA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA ROTONDA DE ENTRADA SITUADA NO NOVO VIARIO DE ACCESO AO PORTO DE BURELA.**

En Santiago de Compostela, a 19 de novembro de 2021.

Dunha parte, Susana Linguas Gil, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, na súa calidade de Presidenta, cargo para o que foi nomeada por Decreto 80/2019, do 11 de xullo (D.O.G. do 12 de xullo), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia,

Doutra parte, Alfredo Llano García, Alcalde-Presidente do Concello de Burela, con domicilio aos efectos deste convenio na Rúa Eijo Garay nº20, 27880 Burela (Lugo), facultada para este acto en virtude do decreto da Alcaldía de data 9.11.2021, e actuando en nome e representación da dita Administración local consonte o disposto nos artigos 21.l.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

### **EXPOÑEN**

Conforme aos estudos, proxectos e obra acometidos desde o ano 2006, ata a construción do novo viario de acceso ao porto de Burela, o acceso á zona portuaria realizábase polo centro do núcleo urbano, coas molestias e perigo que iso supoñía tanto para os usuarios do porto como para o propio núcleo de Burela. Debido ao incremento de actividade que foi sufrindo este porto e ao aumento de tráfico que se produce co funcionamento da lonxa portuaria, foi



necesario dotar a estas instalacións portuarias dun novo acceso que facilitara a entrada e saída a estas, evitando todo o posible o paso polo núcleo urbano de Burela.

Debido ao interese da Autoridade Portuaria e o Concello de Burela pola execución do novo viario e acceso ao Porto, realizouse a modificación puntual das Normas Subsidiarias de Plan do Municipio de Burela.

Considerouse a creación dun viario que permite unha nova canalización do tráfico rodado derivado da actividade que se produce no porto e as súas instalacións, e facilita e axiliza o acceso do tráfico pesado ao porto e reducir ao máximo os riscos e distorsións ambientais que supón o tránsito deste tipo de vehículos polo centro urbano.

A conexión entre o viario proposto e a Avda. Pardiñas non desvirtúa a continuidade nin o carácter do viario urbano actual como arteria principal de acceso ao núcleo urbano de Burela.

No outro extremo do viario realizouse a conexión co acceso ao porto e coa Avda. da Mariña, mediante unha solución en rotonda que ordena dunha forma idónea o fluxo viario.

Así, o novo viario de acceso ao porto de Burela converteuse nunha infraestrutura fundamental para solucionar o problema de tráfico ao usuarios do porto e aos habitantes do Concello de Burela, eliminando o tráfico pesado do centro do concello e sendo un suposto de inter conexión do porto coa vila. A función engadida do viario portuario é a de servir de solución de alternativa de paso ao casco urbano de Burela, o que permite o seu uso fundamentalmente para os usuarios do porto.

O novo viario iníciase cunha rotonda de entrada ao propio concello e finaliza na rotonda situada fronte á zona de varada do porto. Estas actuacións supoñen tamén un efecto positivo para o contorno urbano inmediato ó porto, polo que, esta actuación e as que pretende realizar o concello, revertern positivamente tanto na Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia como no propio Concello de Burela.



Por outra parte, a peculiar situación da rotonda de entrada ao porto, aberta ao público en xeral, fai que Portos de Galicia e o Concello de Burela teñan interese en estreita-la boa imaxe desta parte do viario.

O Concello de Burela solicita o 4 de xaneiro do 2021 unha autorización para executar as obras correspondentes ao proxecto de instalación de letras corpóreas na rotonda do viario de acceso ao porto de Burela. As obras pretenden mellorar a imaxe da rotonda de acceso ao núcleo urbano mediante a instalación dunhas letras corpóreas realizadas en aceiro corten sobre base de formigón armado co nome do concello, asemade instalárase un panel de soporte co mesmo material que permita a instalación do pictograma de "Burela Bonita" que se realizará en metacrilato de cor. Ademais realizarase o arranxo do resto da rotonda coa retirada das pedras, a preparación da terra, e a sementeira de céspede ou flores. O proxecto conta cun orzamento de execución de 17.977,44 €.



Xa que logo, ámbalas dúas Administracións acordan regula-las súas relacións no que atinxe á execución de obras, mantemento e conservación da rotonda de entrada do novo viario de acceso ao porto de Burela, e formalizan o presente convenio.



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Burela e a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia (en adiante EPE Portos de Galicia), no que atinxe á execución de obras, mantemento e conservación da rotonda de entrada do novo viario de acceso ao porto de Burela que se sinala no plano anexo, e que forma parte do dominio públicoportuario.

Ademais realizarase o arranxo do resto da dita rotonda coa retirada das pedras, a preparación da terra, e a sementeira de céspede ou flores.

A execución das obras realizarase conforme ao proxecto presentado polo Concello de Burela e que se achega ao presente convenio como Anexo I, cuxo orzamento de execución ascende ao importe de 17.977,44 €.

### SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE BURELA.-

Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Burela obrígase ao seguinte:

1. Á licitación do oportuno contrato e á execución das obras definidas no proxecto de instalación de letras corpóreas na rotonda do viario de acceso ao porto de Burela.
2. Ao financiamento das obras definidas tecnicamente no proxecto, por un orzamento de execución , que ascende a 17.977,44 euros, con cargo a anualidade do ano 2021, e aplicación orzamentaria do concello "153/619 Vías Públicas / Outras inversións e infraestruturas de ben de uso xeral."
3. Asumir o custo da conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellora das obras referidas e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.
4. Ademais de manter en adecuadas condicións de limpeza e hixiene (incluíndo a



reposición dos elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados) as obras realizadas, o Concello deberá asumir as seguintes tarefas e obrigas:

- a. Ao mantemento das letras de aceiro corten, da base de formigón e do panel de soporte, así como do alumeado instalado, da rotonda obxecto do presente convenio.
  - b. Ao mantemento e conservación do céspede da rotonda obxecto do presente convenio.
  - c. Calquera obra de reparación, conservación e mellora que o Concello de Burela pretenda levar a cabo na rotonda obxecto do presente convenio, esixirá a conformidade previa da entidade pública empresarial Portos de Galicia.
5. Á entrega libre de cargas e gravames das obras de referencia executadas en dominio público portuario, quedando estas incorporadas ao mesmo formando parte da zona de servizo do porto de Burela adscrita para a súa xestión a Portos de Galicia.
6. Así mesmo, o Concello de Burela obterá e/ou outorgará sen custo algún para Portos de Galicia todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución dos traballos co réxime urbanístico e ambiental axeitado. O Concello obrígase tamén á realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo da súa conta os custos que se xeren, mesmo ás liquidacións tributarias a que puideran dar lugar a execución das obras.
7. Calquera obra de reparación, conservación e mellora que o Concello de Burela pretenda levar a cabo na obra, esixirá a conformidade previa de Portos de Galicia.
8. A execución de obras non contempladas no presente convenio, calquera modificación das instalacións e elementos, así como, calquera a modificación das actuacións durante a xestión das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia, a través da comisión de seguimento.
9. Unha vez rematadas as obras e antes da súa recepción polo Concello de Burela, este comunicará a Portos de Galicia a finalización, requirindo a Portos de Galicia para que proceda ao seu exame e a prestar a súa conformidade ou desconformidade coas



obras.

10. O Concello de Burela, comprométese tamén ó aboamento de tódolos gastos derivados do normal uso e funcionamento das instalacións obxecto deste convenio.

### **TERCEIRA. COMPROMISOS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA.**

1. A EPE Portos de Galicia autorizará a execución das obras obxecto deste convenio, podendo supervisar en calquera momento a súa execución. No eventual suposto de que o EPE de Portos de Galicia detecte desviacións ou deficiencias nas obras, requirirá ao Concello para que as emende.
2. A autorización ao Concello de Burela á intervención nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente documento, segundo o proxecto anexo ó mesmo, ao Concello de Burela non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens.

### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, proponendo aquelas actuación que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.



A Comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente de Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vocais, dous nomeados polo Concello de Burela e dous por Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento de Portos de Galicia recae no Xefe de Zona Norte e no Xefe da Unidade de Explotación e Infraestruturas.

Pola súa parte, o Concello de Burela nomea como vogais á persoa titular da Alcaldía – ou persoa en quen delegue -, así como no empregado público que ostente a Xefatura do Servizo de Obras municipal.

#### **QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL**

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio; de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **SEXTA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS.**

1. Fronte a terceiros: Considerando os riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, respecto dos danos que se deriven a terceiros polo incumprimento do estándar de calidade dos servizos que presta a zona portuaria obxecto deste convenio e das obrigas que asumen por medio deste, a EPE Portos de Galicia e o Concello de Burela, responderán solidariamente fronte ao particular, e internamente entre as partes, en primeiro lugar o Concello e subsidiariamente a EPE Portos de Galicia, individualizándose a indemnización que deriva da responsabilidade segundo a imputabilidade do incumprimento a unha ou outra parte.



A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2. Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Burela poderá intervir no devandito procedemento nos termos do apartado cuarto do dito artigo 33 da Lei 40/2015.

### **SÉTIMA. PUBLICIDADE**

En canto á publicidade, procederáse de conformidade co mandato da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Burela e Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

### **OITAVA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN. LIQUIDACIÓN DO CONVENIO.**

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia de Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

1.- Serán causas de extinción do convenio:

- a) O non cumprimento do seu obxecto.
- b) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- c) A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a



prórroga do mesmo.

- e) O acordo unánime de todos os asinantes.
- f) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos taxaranse contraditoriamente polas partes.

- g) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- h) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

2.- Cada unha das situacións descritas por sé soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

- a. Remataranse as obras orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar. Así mesmo executaranse as obras aínda non iniciadas pero xa orzamentadas.
- b. De calquera xeito, e de selo caso, o concello de Burela antes da sinatura da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de



operatividade en que lle foi entregado, en canto ao seu estado, uso e protección.

- c. No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas, por causa imputable o Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.
- d. En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.
- e. Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

## **NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten carácter administrativo e o desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo, polo resto das normas de dereito administrativo e no seu defecto polas normas do ordenamento privado.

O convenio está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no seu artigo 4.

## **DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-**

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura, estendendo a súa vixencia polo tempo de 4 anos, que poderá ser obxecto de prórrogas por períodos de catro anos, salvo denuncia deste por parte dalgunha das administracións afectadas, antes da súa finalización.

En todo caso, considerando un prazo necesario para que o Concello obteña a utilidade das inversións de acondicionamento da zona portuaria afectada, unha vez transcorridos dous



anos, Portos de Galicia poderá desistir do convenio deixando-o sen efecto, cun preaviso de catro meses de antelación

Esta vixencia se computará desde a data de sinatura pola última parte en realizala.

#### **UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.**

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

PRESIDENTA DA E.P.E PORTOS DE O ALCALDE DO CONCELLO DE BURELA,  
GALICIA,

Susana Lenguas Gil

Alfredo Llano García